

# EXTRAÑA FORMA DE VIDA

Pedro Almodóvar, 2023

# 1113

ESTREA EN NUMAX: 26.05.2023 | V.O.S.E. | +12 | 31 min

Un home cruza a cabalo o deserto que o separa de Bitter Creek. Vén visitar o Shériff Jake. Vintecinco anos antes ambos, o shériff e Silva, o rancheiro que cabalga ao seu encontro, traballaron xuntos como pistoleiros a soldo. Silva vén co pretexto de reencontrarse co seu amigo de xuventude, e en efecto celebran o seu encontro, pero á mañá seguinte o shériff Jake dille que a razón da súa viaxe non é a lembranza da súa vella amizade...

«Unha aproximación 'queer' a un xénero que historicamente evitou amosar o romance homosexual»

Anna Bogutskaya, THE PLAYLIST



## Unha mala novela

Por Pedro Almodóvar

Sempre soñei con escribir unha mala novela. Ao principio, de neno, a miña aspiración era converterme en escritor, escribir unha gran novela. Co tempo, a realidade íame demostrando que o que escribía acababa converténdose en peliuliñas, primeiro en super 8 mm e despois en longametraxes que se estreaban nos cinemas e tiñan éxito. Entendín que aqueles textos non eran relatos literarios, senón bosquejos de guións cinematográficos.

A primeira vista parece que o autor dun bo guión é capaz de (e está chamado a) escribir unha boa novela. Pensei que era cuestión de tempo, de madurar, de almacenar experiencias, de posuír certo talento, mirada e mundo propio; pero, a pesar de que me creio posuidor de todo iso, intuín que me estaba enganando. Escribir un bo guión non é cousa fácil, require tempo e horas de soidade (e astucia narrativa), e ser un pouco inmisericorde cun mesmo; pero sobre todo iso non fai que un bo guión se converta nunha boa novela. Ninguén é tan parvo como para pensar que por escribir un bo guión estás abocado a unha boa novela, moito menos á gran novela. E, porén é unha aspiración lexítima e humana, da que hai que defenderse; para iso é importante non namorar da propia obra.

Eu creo que superei esa debilidade, ou polo menos domeina con firmeza. Un consello que daría lles daría a todos os escritores mediocres, e aos que non o son tanto, e que eu mesmo levo a cabo, é o exercicio da autocrítica. A autocrítica proporcionache algo de valor incalculable: a calma, saber esperar. E eu esperei (levo esperando máis de corenta anos). Outro efecto positivo da autocrítica é que consegue que a decepción final sexa máis levadeira.

O guión novelizado, na maioría dos casos, é unha estratexia para estriar o éxito do orixinal converténdoo en novela, e seguro que ten un público. De feito, encántame que teña un público. Durante moito tempo adorei os sucedáneos, non só en cultura, senón tamén en gastronomía, na moda, etc. Hai unha inxenuidade conmovedora no feito de querer e non poder.

Pero, abandonando o consumidor e pensando só no autor, o guión novelado é un autoengano, incluso na autoficción. Cal é a diferenza entre un guión e unha novela? Unha é un relato cuxa principal ferramenta é a palabra e outra basea o seu impacto nas imaxes sen prescindir da palabra, por iso hai guións aos que se lles cualifica de moi literarios, porque os personaxes falan moito. Eric Rohmer é un bo exemplo. Ingmar Bergman é un exemplo aínda mellor. Creo que algún dos seus guións chegou a novelizarse, ou tivo a súa versión en libro, non sei se antes ou despois do filme. Pero tal vez Bergman, polas súas orixes teatrais, sexa dos poucos directores cuns guións que merecen a pena ser novelizados, se é el quen os escribe.

Confeso que a primeira frase deste texto non é de todo certa, pero non quería renunciar a ela. Non sempre soñei con escribir unha mala novela. Levoume moito tempo e bastantes filmes reconecer que como novelista non estaría á altura aínda que os meus guións son cada vez máis literarios e algúns dos meus filmes, se tivera o talento suficiente, serían mellores novelas que filmes, xa que hai moito material que, por cuestións de ritmo e caligrafía cinematográfica, non puiden incluír nelas.

Fragmento de Almodóvar, P. (2023). *El último sueño*. Reservoir Books.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Dolor y gloria*,  
Pedro Almodóvar.  
Paramount [DVD]

*El último sueño*,  
Pedro Almodóvar.  
Reservoir Books, 2023

*La mala educación*,  
Pedro Almodóvar.  
Cameo [DVD]